

A) PARTE DISPOSITIVA:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 30 DE SETEMBRO DE 2013 E 18 DE OUTUBRO DE 2013. Pola Sra. **Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbanse por unanimidade dos/as corporativos/as presentes ás referenciadas actas.**-----

2º) RENUNCIA DE Mª CRUZ BARBEITO BARREIRO COMO CONCELEIRA DO CONCELLO DE SANXENXO. Polo Sr. **Secretario** indícase que no expediente figuran as declaracións de causas de incompatibilidade e de intereses patrimoniais da concelleira renunciante e dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“Dna. Cruz Barbeito Barreiro, con DNI 768.165.86-J, concelleira da corporación municipal do concello de Sanxenxo, electa pola lista da agrupación política Sanxenxo Agrupación Liberal nas eleccións do 22 de Maio de 2011, expón para a aprobación no próximo pleno ordinario o seguinte **ROGO**:

Levo uns meses apartada das miñas obrigas como concelleira en Sanxenxo, reflexionando sobre a miña saída da corporación municipal por motivos de saúde.

Podería dicir que renuncio a miña acta de concelleira por motivos persoais, pero estaría faltando a verdade. Tomei decisións na miña vida nas que me equivoquei, e involucrarme en política foi unha delas.

Aínda que soe inxenuo, a miña visión de política pasa pola mellora do benestar dos cidadáns, atendendo as súas necesidades, con motivación social e non económica, algo que dende logo vexo imposible de levar a cabo por esta corporación, posto que os políticos que a representan, e dos que ata de agora formei parte, consciente ou inconcientemente, non teñen a capacidade de xestión, a honradez nin a ética para levala a cabo.

Por responsabilidade non debo formar parte dun grupo de goberno no que xa non creo, un sistema político, que tal como está articulado nestes momentos é inxusto, corrupto e un fraude para a sociedade, que se aproveita dos cidadáns para o seu propio beneficio.

Para min foi unha honra ter sido escollida para representar á poboación de este concello e unha profunda decepción formar parte dos “políticos” que din representala, polo que me vexo na obriga de presentar a miña renuncia ó cargo de concelleira, que comunico á corporación municipal do Concello de Sanxenxo a efectos do disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeral e Instrucción da Xunta electoral Central de 10 de xullo de 2003 (BOE 18/07/2003) co fin de que se proceda a substitución mediante o candidato seguinte da lista pola que fun elixida no próximo pleno ordinario que se celebre. Sanxenxo 10 de outubro de 2013.”

Non se producen intervencións e a Corporación Municipal quedou enterada da **renuncia** da **Sra. Barbeito Barreiro** ao seu cargo de concelleira do **Concello de Sanxenxo**, para remitila á **Xunta Electoral Central**, co obxecto de que se proceda á expedición da credencial de concelleira do **Concello de Sanxenxo** a favor da integrante da candidatura de **Sanxenxo Agrupación Liberal (SAL)**, co posto **nº 6, Dª Mª ESTHER FREIJEIRO VÁZQUEZ.**-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DA FORMA DE XESTIÓN DOS SERVIZOS DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANXENXO, DISOLUCIÓN DO ORGANISMO AUTÓNOMO “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANXENXO” E DERROGACIÓN DOS SEUS ESTATUTOS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 21 de novembro de 2013 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“Hay mucho que hablar sobre la vida de la gerencia de urbanismo de Sanxenxo desde su inicio hasta el fatal desenlace con técnicos y políticos imputados, que, de forma grave marcarán la imagen de nuestro ayuntamiento.

Un inicio de la gerencia donde su precursor TELMO MARTÍN, basaba su legado en grandes proyectos y la creación de Organismos paralelos a la administración local, sin percatarse de las graves consecuencias que los aires de grandeza repercutirían y de qué forma en los bolsillos de los vecinos tan solo a corto e medio plazo.

Un inicio donde aprovechando la sinergia del bum de la construcción se generaron importantes ingresos para las arcas municipales, pero que la gestión pésima de nuestros gobernantes nos llevaron a los niveles de endeudamiento que todos sabemos con sentencias millonarias, y las que no sabemos pero las tememos, ya que están pendientes por resolver de casos ya judicializados.

Y por medio de muchas presiones e intereses particulares en los que tanto políticos como técnicos, estaban dispuestos a correr unos riesgos a sabiendas de que de salir mal, las consecuencias serían graves para el conjunto de los vecinos de nuestro ayuntamiento.

Y así, en los últimos 3 o 4 años la gerencia solo nos aportó disgustos, con sentencias millonarias, errores en el PXOM que se pudieron solucionar y que traerán consecuencias económicas importantes, denuncias, convenios urbanísticos incumplidos, devoluciones de ICIO ya dilapidados, y todo esto con el descontento general de los usuarios por la tramitación deficiente de expedientes.

La cuestión no es eliminar o no la gerencia, la cuestión es como encauzarán ustedes este despropósito y vicios adquiridos, y como harán para que la gestión urbanística de Sanxenxo, llevada desde un Organismo autónomo o desde la administración local sea lo que debería ser, un servicio eficaz y eficiente a disposición de todos los vecinos por igual, sin distinción alguna, igual para los ricos que para los pobres, igual para los de derechas que para los de izquierdas.

Y por lo expuesto en la propuesta y en la comisión informativa ustedes no tienen nada claro el modelo de futuro para prestar este servicio en Sanxenxo, más allá de la propia improvisación del día a día, lo cual nos traslada la misma sensación de inseguridad y de cacicada mostrada hasta ahora. No sabemos si el gerente seguirá como personal de confianza o no, si se convocará a los portavoces para comisiones y con qué frecuencia y por qué tipo de licencias...

El proyecto continuista de la Sra González no fue quien de enderechar el rumbo e incluso empeoró su gestión, porque no nos engañemos, quien tiene todo el poder y potestad de decisión según el art 22 del capítulo tercero de los estatutos de la gerencia es única y exclusivamente la presidenta. SRA GONZALEZ nos dejará usted como herencia después de su paso en los últimos años al frente de la administración local un futuro incierto lleno de deudas y desaguisados que pagaremos todos los vecinos.

Desde SAL esperamos que la disolución de la gerencia no tenga como única finalidad ahorrar el coste de un alquiler, sino que venga acompañado de un modelo claro y contundente de prestación de este servicio a los vecinos, y sobre todo igual para todos.

Consideramos muy graves las palabras de la alcaldesa imputada por prevaricación, cohecho y tráfico de influencias.

Como es habitual en nuestra alcaldesa, utilizando su victimismo como arma de cara a la galería, con insinuaciones vanas y con la maldad que la caracteriza, utiliza esta táctica como arma de defensa.

Realmente no sabemos lo que quiere decir con sus insinuaciones, no sabemos si quiere distraer a la opinión pública o por lo contrario tiene algo que aclarar, puesto si como máxima responsable del urbanismo de Sanxenxo los últimos seis años, tiene algo que aclarar o decir de quienes la precedieron hágalo, denúncielo aproveche la oportunidad ahora que va a estar delante del juez.

La policía urbanística lleva más de año y medio investigando y las insinuaciones manifestadas esta mañana muestran que la Sra González no tiene respecto por la justicia cuando dice que hay una conspiración contra ella.

Usted dice que las personas que la denunciaron lo hacen por despecho?

Nos preguntamos si el juez que instruye el caso también, o es también una persona cercana a S.A.L.?

Le pedimos que aclare, y que si está limpia que lo aclare delante del juez, no delante de la prensa.

Nosotros somos muy respetuosos con la justicia y con quienes tienen la labor de impartirla, es más, hasta ahora fuimos y somos muy respetuosos con vd. Creemos en la presunción de inocencia, pero no por eso vamos a callarnos cuando es el nombre de Sanxenxo lo que se daña, y los perjudicados los vecinos.

No le vamos a permitir lecciones de moralidad cuando desde el sillón de la presidencia del pleno, insinúa que las imputaciones se deben al despecho de varios vecinos, y no al trabajo de quien tiene el deber de velar por la justicia.

Ahora después de sus declaraciones le rogamos que no dañe ni un minuto más la imagen de Sanxenxo y asuma sus responsabilidades dimitiendo de sus funciones, lo cual solicitaremos oficialmente en forma de moción en este mismo pleno.

Dicho esto y ciñéndome al punto del orden del día en cuestión, votaremos a favor de la disolución de la gerencia de urbanismo, a pesar de haberlo propuesto con al menos 3 años de retraso, y por considerar que este servicio puede y se pudo ejercer desde la administración local evitando gastos y duplicidades innecesarios para los vecinos como ustedes mismos reconocen.”

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que estabamos ante un fin de etapa e o comezo doutra peor, con imputacións por tres delitos que ocasionan unha mala imaxe do concello, precisando que pola Presidencia se puido informar a oposición do acontecido, preocupándolle as declaracións feitas pola Alcaldía, xa que o que debía facer era defenderse e non salpicar outras persoas. Continuou dicindo que na Xerencia non se actuou con imparcialidade e transparencia e interpretouse a lei dependendo de quen fora, aludindo a que dende o seu grupo nunca quixeron xudicializar o urbanismo do concello. Tamén dixo que non lle sorprendía a actitude de VIPS, posto que a nómina figura unida ao pacto e, en cambio, polo concelleiro representante desta formación, aludíase, no ano 2010, a que existían licenzas ilegais concedidas. Finalmente a concelleira en uso da palabra sinalou que votaría a favor deste punto, posto que non estaba xustificando o mantemento da Xerencia.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, incidiu en que agora se trataba de publicitar a disolución da Xerencia no mesmo nivel que se fixo, no seu día, coa súa creación, lembrando que a alcaldesa xa estaba na corporación cando aquela se constituíu, formando parte da Xunta de Goberno Local que tiña delegada competencias. Coa Xerencia fomentouse un modelo de negocio urbanístico a gran escala, sendo curioso que no mesmo día que se propón a súa disolución na Comisión de Urbanismo é cando se coñece a imputación da alcaldesa, precisando que esta non só é por un delito que afecta a cuestións técnicas, como o de prevaricación, senón por outros que non teñen nada que ver con esta circunstancia, como os de cofeitado e tráfico de influencias, arrastrando ao mais fondo a imaxe do concello e precisando que o equipo que pretende xestionar o urbanismo está imputado, preguntándose en qué mans queda nesta materia o concello. O interviniente proseguíu dicindo que, se a Presidenta sae imputada da declaración, non pode continuar na Alcaldía, danando mais a imaxe do concello, cunha carencia de autoridade moral e política, engadindo que os demais membros do goberno municipal tiñan que tomar decisións propias e recordando que as lamentables decisións tomadas tiveron importantes repercusións económicas negativas para o concello.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, sinalou que a concelleira interviniente anteriormente residía nunha vivenda ilegal e explicou que cando pactou co Partido Popular, foi ante a imposibilidade de facelo con todos os demais grupos pola referida concelleira. Continuou dicindo que dende 1971 está traballando, que no seu día trouxo as súas nóminas e que a repetición do asunto do seu soldo é demagóxica, engadindo que na actualidade está en excedencia no seu traballo e outras o teñen grazas ao seu partido, manifestando que non se vendeu a ninguén e que agora gañaría mais na súa empresa que no concello, tratándose este do argumento que empregan os que non teñen outros.

O Sr. Gonzalo Pita aludiu a que estas circunstancias graves requiren unha ampliación do que se debate neste punto da orde do día, estando xustificadas as imputacións. Finalmente dixo que votaría a favor da disolución, porque non se xustificaba a existencia de duplicidades, tal e como se citaba na proposta da Alcaldía.

A Sra. Aguiñ Pombo sinalou que non lle preocupaba a vida privada do representante de VIPS e que o citado concelleiro non lle perdoa a ela que non formase parte da candidatura do partido socialista nas eleccións municipais de 2007, sendo un problema de envexa e celos, indicando que manifestar que grazas a súa persoa o concello funciona, deixa en mal lugar aos seus compañeiros de goberno. Por último explicou que non sabía con quen falou o referido edil para facer un pacto, pero que, en todo caso, ela nunca sería un problema para o Partido Socialista, non admitindo leccións de moralidade do aludido concelleiro e rematando para sinalar que, na súa anterior intervención, tan só recordaba o que mencionado concelleiro dicía antes.

O Sr. Otero Domínguez dixo que a Xerencia podería ser unha forma válida de xestión urbanística, se se actuaba con profesionalidade, eficacia e respecto á cidadanía, non como trampolín político e como mecanismo dócil de manexo para quen ostente a alcaldía, nin tratando distinto as persoas, creando espazos de impunidade, non comprendendo como non están imputadas outras persoas e vendo difícil que no futuro se faga outro tipo de xestión, porque dende a Alcaldía non se teñen realmente delegadas potestades nesta materia.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** dixo que tamén lle estrañaba que non haxa outras persoas imputadas, xa que o Alcalde que concedeu a licenza da obra da rúa Progreso e o concelleiro de urbanismo daquela época, non o están. Continuou dicindo que se debe deixar actuar a xustiza e, por suposto, se algún a fixo, ten que pagala. Recordou que na Xerencia están representados todos os grupos políticos e que el só vota a favor se os informes son todos favorables, xa que os membros do Consello non son técnicos, o que non quere dicir que os técnicos informantes teñan que estar inhabilitados. Explicou que era a voceira do grupo socialista a que empezaba a falar del e non ao revés, mantendo todo o que dixo e sinalando que a disolución da Xerencia xa estaba no pacto de goberno, parecendo agora que algún concelleiro non está del todo convencido con esta decisión.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que no procedemento xudicial se estaba na fase de instrución previa e que era necesario respectar a presunción de inocencia, engadindo que na Xerencia se trata a todos os veciños por igual e, de feito, as licenzas que se dan é porque se presentan tal e como están previstas na lei, sen inventarse nada, polo que defende a xestión do urbanismo que, ademais, no desenvolvemento do PXOM, creou riqueza, todo elo independentemente de que, neste momento, o planeamento necesita unha revisión completa. Tamén incidiu en que poden existir varias interpretacións a unha norma e o xuíz pode ter unha distinta da que se seguía no concello para conceder unha licenza. Por último indicou que os membros da oposición tamén forman parte do Consello da Xerencia e teñen a súa parte de responsabilidade, indicando que o obxectivo da disolución é tratar de axilizar os procedementos e aproveitar unha maior sinerxia entre os departamentos municipais.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou quen non se desdicía en nada do sinalado na rolda de prensa sobre o procedemento xudicial que se estaba a tramitar, precisando que non había nada que se parece a un trato de favor e que non tiña nada do que avergonzarse, recordando que no seu día se pretendeu que non fose candidata a Alcaldía, despois xurdiu a lista de SAL e o que non se conseguiu pola política, se pretende conseguir nos xulgados. Por último indicou que o informe de sanidade do cemiterio foi solicitado pola Sra. Aguíñ Pombo, que o viu e o gardou. Finalmente sinalou que deron as licenzas cos informes favorables e que non vai ocultar nada.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Determinar que os servizos de urbanismo do **Concello de Sanxenxo** se xestionen directamente pola propia entidade local, a partir da data de entrada en vigor da disolución do Organismo Autónomo Local **“Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”**.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a disolución do Organismo Autónomo Local **“Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”** e a derogación dos seus estatutos, facendo constar que, a partir da data de entrada en vigor da disolución do citado Organismo Autónomo Local, quedará extinguida a súa personalidade xurídica, sucedéndolle universalmente en todos os seus bens, dereitos e obrigas o **Concello de Sanxenxo**.

TERCEIRO: No que respecta ao acordo de aprobación inicial da disolución do Organismo Autónomo Local “**Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo**” e a derogación dos seus estatutos, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, durante o prazo de trinta días, contado a partir da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de presentar reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se producisen.

CUARTO: A entrada en vigor da disolución do Organismo Autónomo Local “**Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo**” e a derogación dos seus estatutos, producirase unha vez que se publique o acordo no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.”-----

4º) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do 21 de novembro de 2013 sobre esta proposta.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, logo de manifestar que votaría a favor neste punto da orde do día e referíndose as palabras coas que a Sra. Alcaldesa pechou a súa intervención no anterior punto, dixo que eran expresións moi graves e a emprazou para que as demostre porque non eran certas, xa que o informe se solicitou a posteriori, non puidéndose tratar a actuación como ampliación dun cemiterio, senón como un novo, sendo un asunto que foi ampliamente debatido no seu día.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que con esta proposta se trataba de fraccionar o pagamento en trimestres, engadindo que tamén estaba o tema de SOGAMA, posto que o feito de que non se repercuta nas taxas aos veciños, non quere dicir que o concello non teña que pagalo, considerando que polo goberno municipal se foi moi benevolente cos intereses da citada empresa e non cos do concello.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que as intervencións anteriores non se referían á orde do día, xa que se pretende o aboamento fraccionado en trimestres das taxas para todas as vivendas e locais.

O **Sr. Otero Domínguez** sinalou que a suba de SOGAMA sería a conta dos orzamentos municipais e afectaba ao importe do servizo relacionado con esta taxa.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** dixo que o interesante para o público era que, a partir de agora, poderá pagar a taxa en catro trimestres e o asunto de SOGAMA terá que esperar a presentación dunha moción no momento que corresponda.

A **Sra. Alcaldesa**, referíndose ao manifestado no comezo do debate neste punto da orde do día pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, sinalou que cando ela foi a falar a Sanidade sobre o tema do cemiterio, estaba presente o que naquel momento era Presidente da Asociación de Veciños de Dorrón. En canto a este asunto consideraba positiva a emisión dos recibos en catro partes ao longo do ano e, sobre a suba de SOGAMA, considerou que era

moi forte, pero dada a situación particular deste concello, no que existen 12.000 vivendas que pagaban a taxa e que non eran de veciños de Sanxenxo, podíase optar por asumir o custo da suba sen repercutilo aos veciños, engadindo que o certo é que tampouco neste momento existe alternativa a SOGAMA e que o maior mérito dende este concello era evitar que se producisen folgas nos servizos, causando molestias a veciños e visitantes.

Ao non producirse mais intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, **o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Aprobar a modificación da ordenanza reguladora da taxa de recollida de lixo, tal e como segue:

Art. 1º. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por recollida de lixo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Art. 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida e asociados de depósito, custodia, transporte, tratamento e eliminación de lixo e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

A prestación do servizo/os producirase segundo os proxectos de xestión, convenios e normas xerais que estean vixentes en cada momento.

2. A tal efecto, considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación e detritos procedentes da limpeza normal de locais e vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Art. 3º. Suxeitos pasivos, substitutos e obrigados tributarios

1. Serán suxeitos pasivos da taxa, os referidos no artigo 23 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei regulamentadora das facendas locais, e asemade o artigo 16 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos e 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria; ou nas futuras modificacións legais dos artigos citados.

2. Serán substitutos e, en xeral, obrigados tributarios, os mencionados nas normas legais anteriormente referidas ou nas súas modificacións posteriores.

3. Os órganos de xestión tributaria, poderán encadrar a súa actuación, en relación a este elemento tributario, de acordo ás interpretacións xurisprudencias e ditames emanados polo doutrina vinculante da Dirección xeral de tributos, que desenvolvan e interpreten os artigos legais citados

Art. 4º. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 a 43 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, ou norma xurídica que substitúa a estes preceptos.

2. Serán responsables subsidiarios os citados na Lei Xeral Tributaria vixente, ou norma que substitúa no futuro a este precepto e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.

Art. 5º. Beneficios fiscais

Soamente se admitirán nesta taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei. Serán de aplicación o disposto nos artigos 6 e 9 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sobre principios tributarios e beneficios fiscais.

Art. 6º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Art. 7º. Devengo

1. Devengo. O devengo da taxa ou nacemento da obriga tributaria, regularase polo establecido na Lei regulamentadora das facendas locais, a Lei de taxas e prezos públicos e a Lei xeral tributaria, conforme ao disposto nos seus artigos 26, 15 e 21 respectivamente; ou nas modificacións legais posteriores que se produzan dos mesmos.

Producirase o devengo desde o momento da efectividade do servizo, no lugar, área, rúa, onde radique cada inmovible concreto, que sexa apto para o seu uso, de acordo á normativa urbanística e administrativa que sexa de aplicación; e, en tanto, permaneza a efectividade do mesmo.

2. Esixencia do pagamento. Neste Concello a esixencia do pagamento da taxa producirase en cada trimestre natural de cada exercicio fiscal a contar desde a aprobación definitiva da modificación desta ordenanza. En consecuencia, esta esixencia de pagamento trimestral será aplicable a partir do exercicio fiscal de 2014, e en tanto non se modifique, no seu caso, novamente esta ordenanza, nos exercicios fiscais vindeiros ou futuros.

Para cada trimestre anual, producirase o inicio do período impositivo trimestral ou parcial o primeiro día de cada trimestre natural (1 de xaneiro, 1 de abril, 1 de xullo e 1 de outubro)

Cada cota trimestral será resultado dun parcial, resultado de dividir a cota anual total entre catro. A cota anual será o resultado de multiplicar a cota trimestral por catro. O cadro de tarifas poderá conter tanto a conta anual como a trimestral ou ambas, procedéndose, no seu caso, as operacións aritméticas para obter unha ou outra (anual ou trimestral).

3. Altas e baixas ou cese no servizo. No caso de altas e baixas ratearase a cota por días respecto do primeiro trimestre en que se verifique a alta ou respecto do trimestre en que cese a efectividade do servizo, sobre a base dunha duración de 90 días cada trimestre.

Para as novas altas o devengo producirase desde o momento en que, de acordo á normativa legal, regulamentaria e administrativa que sexa de aplicación en cada momento, sexa efectiva a

prestación do servizo. As cotas de exercicios atrasados poderán ser de carácter anual, as do exercicio corrente serán trimestrais, xirándose a primeira polo rateo que corresponda do trimestre en que se verifique a alta. Desde a incorporación ao padrón de contribuíntes, no sucesivo, a esixencia do pagamento da obriga tributaria pasará a ser trimestral. Ao respecto será de aplicación o establecido no artigo 5º e no presente.

4. Exercicios fiscais futuros. A esixencia da taxa permanecerá no tempo, mentres non cese a prestación e recepción do servizo público asociado por calquera causa efectiva, real e comprobable.

5. Período impositivo. O período impositivo desta taxa, ao que se refire o artigo 16.1.a) da Lei regulamentadora das facendas locais desta taxa, entendido como período en que se pon de manifesto, e é esixible a obriga tributaria será o trimestral, tomando como referencia os catro trimestres naturais do ano natural. Salvo o establecido con anterioridade para as altas no/s servizo/s.

Art. 8º. Declaración e liquidación

Sen contido

Art. 9º. Ingreso

Sen contido

Art. 10º. Infraccións e sancións

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas lle correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV da Lei xeral tributaria, Lei 58/2003, de 17 de decembro (artigos 178 a 212).

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA. Declaración de alta

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta nos censos e padróns da taxa e surtirán efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo ratearse, no seu caso, por días conforme establece esta ordenanza.

SEGUNDA. Declaración de baixa

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da presentación da mesma, podendo, no seu caso, ratearse por días conforme establece esta ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA:

Esta modificación da ordenanza fiscal, entrará en vigor ao seguinte día da publicación íntegra da súa aprobación definitiva e do seu texto íntegro no Boletín oficial da provincia de Pontevedra.

Sendo xa producido o acordo de imposición con motivo da aprobación da ordenanza orixinal e polo tanto producido o devengo da taxa ao inicio da prestación e recepción dos servizos (dende os mencionados acordos), a obriga tributaria manterase vixente, e elo a partir do exercicio fiscal

de 2014 con efectos do 1 de xaneiro en diante.

Unha vez aprobada definitivamente esta modificación da ordenanza a esixencia de pagamento e o período impositivo pasará a ser trimestral, sendo o primeiro período de pagamento o do primeiro trimestre de 2014, e así sucesivamente ata unha futura modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA:

Derrogase expresamente tódalas modificacións da ordenanza dende a súa primeira aprobación, e conforme aos antecedentes administrativos.

A derogación destas modificacións producirase de forma simultánea a entrada en vigor desta agora efectuada e aprobada, asumindo esta nova modificación o previo acordo de imposición e o devengo da obriga tributaria derivado da imposición e ordenación vixentes, e en especial, con efectos do 1 de xaneiro de 2014.

ANEXO.-As tarifas desta taxa serán as seguintes:

1. Hoteis e hostais - residencia e similares por habitación:

ZONA A	ZONA B
20,87 €/ano	16,70 €/ano
10,44 €/semestre	8,35 €/semestre
5,22 €/trimestre	4,18 €/trimestre

2. Hoteis, hostais e similares con comedor por habitación:

ZONA A	ZONA B
31,64 €/ano	25,31 €/ano
15,82 €/semestre	12,66 €/semestre
7,91 €/trimestre	6,33 €/trimestre

3. Apartamentos sitos dentro dos apartahoteis ou similares

ZONA A	ZONA B
38,20 €/ano	30,56 €/ano
19,10 €/semestre	15,43 €/semestre
9,55 €/trimestre	7,64 €/trimestre

4. Restaurantes, cafeterías, bares e similares instalados nos establecementos incluídos nos apartados 1, 2, 3 e 6:

ZONA A	ZONA B	
a) De 0 a 100 m ²	266,50 €/ano	213,20 €/ano
	133,25 €/semestre	106,6 €/semestre
	66,63 €/trimestre	53,30 €/trimestre
b) De 101 a 200 m ²	306,47 €/ano	245,18 €/ano

	153,24 €/semestre	122,59 €/semestre
	76,62 €/trimestre	61,30 €/trimestre
c) De 201 a 400 m ²	352,44 €/ano	281,96 €/ano
	176,22 €/semestre	140,98 €/semestre
	88,11 €/trimestre	70,49 €/trimestre
d) De 401 m ² en diante	405,31 €/ano	324,24 €/ano
	202,66€/semestre	162,12 €/semestre
	101,33 €/trimestre	81,06 €/trimestre

5. Restaurantes, cafeterías, bares e similares, con servizo aberto ó público, o ano:

ZONA A	ZONA B	
a) De 0 a 100 m ²	533,00 €/ano	426,40 €/ano
	266,50 €/semestre	213,20 €/semestre
	133,25 €/trimestre	106,60 €/trimestre
b) De 101 a 200 m ²	612,95 €/ano	490,36 €/ano
	306,48 €/semestre	245,18€/semestre
	153,24 €/trimestre	122,59 €/trimestre
c) De 201 a 400 m ²	704,89 €/ano	563,91 €/ano
	352,45 €/semestre	281,96 €/semestre
	176,22 €/trimestre	140,98 €/trimestre
d) De 401 m ² en diante	810,63 €/ano	648,50 €/ano
	405,32 €/semestre	324,25€/semestre
	202,66 €/trimestre	162,13 €/trimestre

6. Cámping, por m² ó ano: a taxa é a mesma independentemente da zona:

0,25 euros/m ² /ano
0,13 euros/m ² /semestre
0,07 euros/m ² /trimestre

7. Por cada vivenda, de carácter familiar, ó ano

En zonas urbanas	91,33 €/ano
	45,67 €/semestre
	22,84 €/trimestre
En zonas rurais	45,67 €/ano
	22,84 €/semestre
	11,42 €/trimestre

8. Comercios: todo establecemento comercial non contido no resto dos apartados:

ZONA A	ZONA B	
a) De 0 a 100 m ²	102,20 €/ano	81,76 €/ano
	51,10 €/semestre	40,88 €/semestre
	22,55 €/trimestre	20,44 €/trimestre
b) De 101 a 200 m ²	117,53 €/ano	94,02 €/ano
	58,77 €/semestre	47,01 €/semestre

	29,39 €/trimestre	23,51 €/trimestre
c) De 201 m ² en diante	135,16 €/ano	108,13 €/ano
	67,58 €/semestre	54,07 €/semestre
	33,79 €/trimestre	27,04 €/trimestre

9. Cristalerías, electrodomésticos, materiais de construción, talleres, gasolinerías e lavados engraxes de vehículos:

ZONA A	ZONA B	
a) De 0 a 100 m ²	208,74 €/ano	166,99 €/ano
	104,37 €/semestre	83,50 €/semestre
	52,19 €/trimestre	41,75 €/trimestre
b) De 101 a 200 m ²	271,36 €/ano	217,09 €/ano
	135,68 €/semestre	108,55 €/semestre
	67,84 €/trimestre	54,28 €/trimestre
c) De 201 m ² en diante	352,77 €/ano	282,22 €/ano
	176,39 €/semestre	141,11 €/semestre
	88,20 €/trimestre	70,56 €/trimestre

10. Adegas e outros almacéns:

ZONA A	ZONA B
80,75 €/ano	64,60 €/ano
40,38 €/semestre	32,30 €/semestre
20,19 €/trimestre	16,15 €/trimestre

11. Supermercados, hipermercados e grandes superficies:

ZONA A	ZONA B	
a) De 0 a 200 m ²	482,50 €/ano	386,00 €/ano
	241,25 €/semestre	193,00 €/semestre
	120,63 €/trimestre	128,67 €/trimestre
b) De 201 a 400 m ²	627,06 €/ano	501,65 €/ano
	313,53 €/semestre	250,83 €/semestre
	156,77 €/trimestre	167,22 €/trimestre
c) De 401 a 600 m ²	1.218,70 €/ano	1.218,70 €/ano
	643,85 €/semestre	643,85 €/semestre
	321,93 €/trimestre	321,93 €/trimestre
d) De 601 a 800 m ²	1.584,31 €/ano	1.584,31 €/ano
	792,16 €/semestre	792,16 €/semestre
	396,08 €/trimestre	396,08 €/trimestre
e) De 801 a 1000 m ²	2.059,60 €/ano	2.059,60 €/ano
	1.029,80 €/semestre	1.029,80 €/semestre
	514,90 €/trimestre	514,90 €/trimestre
f) De 1.001 m ² en diante	2.677,48 €/ano	2.677,48 €/ano
	1.338,74 €/semestre	1.338,74 €/semestre
	669,37 €/trimestre	669,37 €/trimestre

12. Tendas de alimentación de tipo familiar:

ZONA A	ZONA B
313,09 €/ano	250,82 €/ano
156,55 €/semestre	126,41 €/semestre
78,28 €/trimestre	63,21 €/trimestre

13. Bancos, caixas de aforro e similares:

681,40 €/ano
340,70 €/semestre
170,35 €/trimestre

14. Salas de festas e discotecas:

Ata 1.000 m ²	1.306,28 €/ano
	653,14 €/semestre
	326,57 €/trimestre
De máis de 1.000 m ²	2.090,76 €/ano
	1.045,38 €/semestre
	522,69 €/trimestre

15. Café bar especial (pub)

ZONA A	ZONA B	
a) Establecementos de 0 a 100 m ²	1.126,50 €/ano	901,20 €/ano
	563,25 €/semestre	450,60 €/semestre
	281,63 €/trimestre	225,30 €/trimestre
b) Establecementos de 101 a 200 m ²	1.408,13 €/ano	1.126,50 €/ano
	704,07 €/semestre	563,25 €/semestre
	352,04 €/trimestre	281,63 €/trimestre
c) Establecementos de 201 en diante	1.760,16 €/ano	1.408,13 €/ano
	880,08 €/semestre	704,07 €/semestre
	440,04 €/trimestre	352,04 €/trimestre

16. Salas de cine e teatros:

313,09 euros/ano
156,55 euros/semestre
78,28 €/trimestre

17. Garaxes e aparcamentos públicos:

208,74 euros/ano
104,37 euros/semestre
52,19 €/trimestre

18. Despachos e consultas profesionais, sitos na vivenda familiar, con independencia da taxa por vivenda:

52,18 euros/ano
26,09 euros/semestre
13,05 €/trimestre

19. Despachos profesionais, oficinas administrativas en xeral, axencias de viaxes axencias, inmobiliarias, xestorías e similares:

ZONA A	ZONA B
166,97 €/ano	133,58 €/ano
83,49 €/semestre	66,79 €/semestre
41,75 €/trimestre	33,40 €/trimestre

20. Perruquerías de donas e/ou cabaleiros:

ZONA A	ZONA B
166,97 €/ano	133,58 €/ano
83,49 €/semestre	66,79 €/semestre
41,75 €/trimestre	33,40 €/trimestre

21. Colexios:

417,48 euros/ano
208,74 euros/semestre
104,37 €/trimestre

22. Garderías, academias

ZONA A	ZONA B	
a) Ata 200 m ²	104,36 €/ano	83,49 €/ano
	52,18 €/semestre	41,75 €/semestre
	26,09 €/trimestre	20,88 €/trimestre
b) De 201 m ² en diante	156,54 €/ano	125,23 €/ano
	78,27 €/semestre	62,62 €/semestre
	39,14 €/trimestre	31,31 €/trimestre

23. Centros clínicos e similares:

ZONA A	ZONA B	
a) De 0 a 200 m ²	166,97 €/ano	133,58 €/ano
	83,49 €/semestre	66,79 €/semestre
	41,75 €/trimestre	33,40 €/trimestre
b) De 201 a 400 m ²	250,46 €/ano	200,37 €/ano
	125,23 €/semestre	100,19 €/semestre
	62,62 €/trimestre	50,10 €/trimestre
c) De 401 m ² en diante	375,69 €/ano	300,55 €/ano
	187,85 €/semestre	150,28 €/semestre
	93,93 €/trimestre	75,14 €/trimestre

24. Merendeiros, chiringuitos, quioscos e outras instalacións de tempada en zonas de praia ou litoral: 60 euros/tempada (un trimestre)

Calquera comercio ou industria non especificada nesta ordenanza aplicarase a tarifa que lle sexa máis afín.

ZONA A: Casco urbano de Sanxenxo e Casco urbano de Portonovo.

ZONA B: Resto do municipio. Bonificación do 20% sobre o principal.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor a partir da súa publicación.”-----

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO RUEIRO DO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais** do 21 de novembro de 2013 sobre esta proposta.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que non querían polemizar neste asunto, considerando que algunhas propostas podían ter encaixe e con outras non estaban de acordo, engadindo que se puido facer cunha maior participación para conseguir unanimidade social, como, por exemplo, a referida ao Profesor Hermida, que deixou como legado unha obra que agora languidece na Telleira, sen posibilidade de ser visitada. En todo caso non van votar en contra da proposta e se absterse.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, agradeceu a alcaldesa a participación que deu para que se puideran facer as propostas que se consideraron oportunas, entendendo que existiu unanimidade, porque cando uns fan propostas e outros non, semella que todos están de acordo.

O Sr. **Otero Domínguez** aclarou que non era certo que non se fixeran propostas polo seu grupo, xa que realizaron aportacións que non foron aceptadas, polo que non existe unanimidade.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que fixeron propostas, como a do Profesor Hermida e, dado que agora se está coa ponencia de valores, preguntou, por se se estaba esperando a este acordo, se se ía solicitar axuda á Deputación para a renumeración do rueiro.

A **Sra. Presidenta**, logo de contestar a **Sra. Agúin Pombo** que as situacións apuntadas por ela son paralelas e non van unidas, sen ter neste momento contestación da Deputación, manifestou que agradeceu a participación que houbo neste asunto, engadindo que se recolleron propostas veciñais, algunhas da oposición, e maioritariamente as do grupo de goberno, sinalando que no futuro se darán mais nomes a rúas, unha vez que se vaian urbanizando e recibindo polo concello actuacións en desenvolvemento do PXOM.

Ao non producirse mais intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“Modificar o rueiro do **Concello de Sanxenxo**, da forma que se especifica no documento que figura unido á proposta e coas alteracións incorporadas no debate da **Comisión Informativa de Asuntos Xerais**, transcribíndose literalmente a continuación o seu contido:

RUEIRO DE SANXENXO

Nº	INCIDENCIA	PROPUESTA
01	DAR NOMBRE A LA CALLE DE NUEVA APERTURA QUE UNE RUA PROGRESO CON RUA OURENS (JUNTO AL MERCADONA	RUA DOS QUINTEIRO
02	DAR NOMBRE A LA PLAZA PUBLICA DEL EDIFICIO PLAZA	PRAZA DOS QUINTEIRO
03	AL UNIR LA CALLE RAMON CABANILLAS CON RUA CORUÑA HAY QUE VER SI RAMON CABANILLAS CONTINUA HASTA AVENIDA LUIS ROCAFORT Y RUA CORUÑA ACABA EN RUA RAMON CABANILLAS	SE AMPLIA RUA RAMON CABANILLAS HASTA LA AVENIDA LUIS ROCAFORT Y RUA CORUÑA TERMINA EN RUA RAMON CABANILLAS
04	EL CALLEJON DE NUEVA APERTURA DEL EDIFICIO PLAYA SILGAR TIENE PORTALES DE ENTRADA Y NO TIENE NOMBRE	TRAVESIA CORUÑA
05	CAMBIAR EL NOMBRE DE ESTA CALLE YA QUEDO COMO (RUA SIETE)	RUA CACHAFEIRO
06	EN LA ACTUALIDAD EL PUERTO Y LA PLAZA SON RUA AUGUSTO GONZALEZ BESADA, ESTA DEBERIA ACABAR EN LA PLAZA, DAR NOMBRE A LA PLAZA	RUA AUGUSTO GONZALEZ BESADA ACABA EN LA PLAZA. PRAZA DOS BARCOS

Nº	INCIDENCIA	PROPUESTA
07	DAR NOMBRE AL PUERTO	PUERTO DEPORTIVO JUAN CARLOS I
07 A	DAR NOMBRE A LA PLAZA ENCIMA DEL PARKING	PRAZA DO MAR
08	DAR NOMBRE A LA CALLE O CAMINO PARALELO AL NUEVO TEMPLO	RUA DON RAMON SOMOZA
09	EN LA ACTUALIDAD EL NUCLEO URBANO EN MIRAFLORES LLEGA A LA LINEA ROJA, SIENDO LA UNICA CALLE RUA MIRAFLORES, VER DE REORDENAR Y QUE RUA MIRAFLORES LLEGUE A LA CARRETERA DE REYES A PADRIÑAN	RUA MIRAFLORES
10	DAR NOMBRE A ESTA CALLE QUE VA A LA POLICIA LOCAL	TRAVESIA MIRAFLORES
11	DAR NOMBRE A ESTA CALLE DE NUEVA APERTURA	RUA DO PROFESOR HERMIDA
12	LA PARTE TRASERA DE ESTOS EDIFICIO SITOS EN RUA VIGO NO TIENE NOMBRE Y HAY PORTALES DE ENTRADA, DAR NOMBRE	TRAVESIA DAS CUNCHAS
13	DAR NOMBRE A ESTA CALLE YA QUE VIENE COMO ESTRADA CIRCUNVALACION	AVENIDA AVIADOR PIÑEIRO
14	DAR NOMBRE A LA CALLE DE NUEVA APERTURA DESDE ESTRADA DA LANZADA A ESTRADA DA ADINA	RUA RIO VALIEJOS
14 A	CAMBIO DE DENOMINACION DE LA CALLE QUE VA DESDE ESTRADA DA LANZADA HASTA LA INTESENCION CON LA CALLE DE NUEVA APERTURA (AHORA RUA RIO VALIEJOS), ANTES ERA ESTRADA DA ADINA	RUA DO RIO
15	DAR NOMBRE A ESTA CALLE DE NUEVA APERTURA DELANTE DEL EDIFICIO ILLAS ATLANTICAS	RUA RIO BALTAR
16	DAR NOMBRE AL PARQUE DO ESPINEIRO, QUE NO EXISTE EN EL CALLEJERO	PARQUE DO ESPINEIRO
17	EN EL SUELO DE ESTA PARCELA MUNICIPAL HAY UNA PLAZA, DAR NOMBRE	PRAZA DAS FLORES
18	PEI 2 Y 3, DAR NOMBRE A ESTA CALLE DE NUEVA APERTURA	RUA DOS CALVARIOS
19	PEI 2 Y 3, DAR NOMBRE A ESTA CALLE DE NUEVA APERTURA	RUA JOSE FARIÑA JAMARDO

Nº	INCIDENCIA	PROPUESTA
20	PEI 2 Y 3, DAR NOMBRE A ESTA CALLE DE NUEVA APERTURA	TRAVESIA JOSE FARIÑA JAMARDO
21	PEI 2 Y 3, DAR NOMBRE A ESTA CALLE DE NUEVA APERTURA	TRAVESIA DOS CALVARIOS
22	PEI 2 Y 3, DAR NOMBRE A ESTA CALLE DE NUEVA APERTURA	RUA DOS LIMOEIROS
23	LA URBANIZACION TOMADA DE NANTES, PERTENECE AL LUGAR DE IGLESIA, DAR NOMBRE A LA CALLE	RUA SANTA EULALIA
23 A	DAR NOMBRE AL PARQUE AL LADO DE LA URBANIZACION	PARQUE SANTA EULALIA
24	PLAZA PUBLICA DE BORDONS, DAR NOMBRE	PRAZA MANUEL CORTES
25	CALLE DE NUEVA APERTURA EN DONDE ESTA LA CASA DE CULTURA DE ADINA	RUA SAN MIGUEL
25 A	PARQUE RECREATIVO AL LADO DE LA CASA DE CULTURA	PARQUE SAN MIGUEL
26	LA PISTA QUE VA DESDE LA CARRETERA DE LA ADINA HASTA LA CARRETERA DE LA IGLESIA A RIAL POR DETRÁS DEL CEMENTERIO	RUA POLEIROS
27	DAR NOMBRE DE CALLE A LA CARRETERA QUE VA DESDE LA CARRETERA GENERAL DE VILLALONGA HASTA LA FIANTEIRA	RUA EPIFANIO CAMPO NUÑEZ

6º) PROPOSTA DA ALCALDIA MANIFESTANDO O APOIO DO CONCELLO DE SANXENXO PARA QUE SE DECLARE O ANO 2014 COMO ANO GALEGO DA PARÁLISE CEREBRAL. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 21 de novembro de 2013 sobre esta proposta.

Ao non producirse intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:

“Manifestar o apoio do Concello de Sanxenxo para que se declare o ano 2014 como “ano galego da parálise cerebral”, tal e como se solicita pola Federación Galega de Asociacións de Atención a Persoas con Parálise Cerebral, comunicando o presente acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade e a citada federación.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DE RESOLUCIÓNS SOBRE LIBERACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE E XERACIÓN DE CRÉDITO. Polo Sr. **Secretario** dase conta das seguintes resolucións da **Alcaldía** e da **Presidencia do Organismo Autónomo local “Terra de Sanxenxo”**, que a continuación se transcriben literalmente:

-Resolución da Alcaldía do 8 de outubro de 2013:

“Visto o informe da intervención xeral do concello, de data 2 de outubro de 2013, sobre subvencións da entidade local e acordo de non dispoñibilidade.

Visto o disposto nas bases de execución do presuposto de 2013, na disposición final 2ª apartado 1º, resolvo:

Liberar a non dispoñibilidade do proxecto de gasto da aplicación 16103.723.00, denominado “Proxecto Aqua Norte de abastecemento de agua a ría de Pontevedra”; e elo pola contía de 63.269,12 €.

Dese conta de esta resolución ao pleno da corporación, na próxima sesión que celebre; dado tratarse de unha competencia delegada.

Esta liberación deberá complementarse, no sucesivo, co importe adicional que sexa preciso, ata cubrir a achega municipal de 2013, nos termos expostos na disposición final citada.”

-Decreto da Alcaldía do 12 de novembro de 2013:

“Visto o informe da intervención xeral do Concello, de data 12 de novembro de 2013, sobre subvencións da entidade local e acordo de non dispoñibilidade que, copiado literalmente, di:

“ASUNTO: Subvención á entidade local e acordo de non dispoñibilidade

Confirmáronse, ao momento presente, diversas subvencións, que se relacionan a continuación:

	Subvención	Sobrante
-Plataforma dixital	8.144,87	8.144,87
-Axente de emprego	9.794,08	9.794,08
-Contratación auxiliares policía local	12.000,00	10.407,40
-Orientación, información e busca de emprego	20.750,42	6.179,28
-Convenio prevención incendios	10.048,50	10.048,50
-Instalación parque biosaludable en Punta Vicaño	3.832,35	3.832,35
Total	64.570,22	48.406,48

Ditas subvencións corresponden a gastos, que na maior parte dos casos, xa están contemplados nas consignacións iniciais do orzamento para 2013 ou ben non supoñen novo gasto para o Concello, polo cal o seu importe, non implica a contabilización dunha xeración de crédito, polo que o mesmo pode ser liberado, en concordancia co descrito na disposición final segunda, primeiro das bases de execución do orzamento para 2013, procedendo-

- O recoñecemento de dereitos das mesmas, no caso de non terse feito e xeración dos gastos que correspondan.

- Proceder a dictar un acto administrativo da alcaldía onde, e pola contía sobrante, se proceda a liberar o acordo de non dispoñibilidade, afectando ao proxecto sinalado na base coa orde de prioridade 1ª.
- Dar conta posterior ao Pleno, conforme dispón a disposición final citada.”

Visto o disposto nas bases de execución do orzamento de 2013, na disposición final 2ª, apartado 1º, RESOLVO:

Liberar a non dispoñibilidade do proxecto de gasto da aplicación 16103 72300, denominado “Proxecto Aqua Norte de abastecemento de auga á ría de Pontevedra, pola contía de 48.406,48 euros.

Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación, na vindeira sesión que celebre, dado tratarse dunha competencia delegada.

Esta liberación deberá complementarse, no sucesivo, co importe adicional que sexa preciso, ata cubrir a achega municipal de 2013 (141.309,23 euros), nos termos expostos na disposición final citada. O importe liberado á data incluíndo o importe actual é de 111.675,60 euros.”

-Decreto da Presidencia do Organismo Autónomo Local “Terra de Sanxenxo” do 29 de agosto de 2013:

“Vista a necesidade de efectuar o gasto de **“Programa Formativo para Mulleres; Entroido 2013; Programa de Sensibilización Cultural de Maiores do Taller de Memoria; Festas Patronais Sanxenxo e Santa Rosalía”**, en uso das facultades que me confire a normativa local vixente,

RESOLVO:

Darlle aprobación á xeración de crédito por importe de **20.000,00 euros** para facer fronte ao gasto citado, con cargo á 46100(Outros).”

-Decreto da Presidencia do Organismo Autónomo Local “Terra de Sanxenxo” do 9 de outubro de 2013:

“Vista a necesidade de efectuar o gasto de **“Escola de Música; E.I. Municipais; Servizos Sociais; Axuda no Fogar; Festas Patronais; Traballo; Reducción abandono escolar; Centro Información á Muller”**, en uso das facultades que me confire a normativa local vixente,

RESOLVO:

Darlle aprobación á xeración de crédito por importe de **249.081,02 euros** para facer fronte ao gasto citado, con cargo á 45080 (Xunta de Galicia).”

-Decreto da Presidencia do Organismo Autónomo Local “Terra de Sanxenxo” do 9 de outubro de 2013:

“Vista a necesidade de efectuar o gasto de **“Escolas Deportivas Municipais; Bolseiros Ofic.. Turismo; Carnaval 2012; XIII Milla Urbana; Servizos Sociais; Axuda no Fogar. ”**, en uso das facultades que me confire a normativa local vixente,

RESOLVO:

Darlle aprobación á xeración de crédito por importe de **63.041,57 euros** para facer fronte ao gasto citado, con cargo á 461000 (Deputación de Pontevedra)."

-Decreto da Presidencia do Organismo Autónomo Local "Terra de Sanxenxo" do 13 de novembro de 2013:

"Vista a necesidade de efectuar o gasto de "**Servizos Sociais** ", en uso das facultades que me confire a normativa local vixente,

RESOLVO:

Darlle aprobación á xeración de crédito por importe de **53.979,32 euros** para facer fronte ao gasto citado, con cargo á 45080 (Transferencias Xunta de Galicia), 46100 (Transferencias da Deputación) e 46200 (Transferencias de outros concellos)."

-Decreto da Presidencia do Organismo Autónomo Local "Terra de Sanxenxo" do 14 de novembro de 2013:

"Vista a necesidade de efectuar o gasto de "**Servizos Sociais, Centro de Día** ", en uso das facultades que me confire a normativa local vixente,

RESOLVO:

Darlle aprobación á xeración de crédito por importe de **41.399,13 euros** para facer fronte ao gasto citado, con cargo á **45080** (Transferencias Xunta de Galicia)."

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) DACIÓN CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN XERAL CUMPRINDO OS ARTIGOS 4.3 E 5.4 DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, TERCEIRO TRIMESTRE DE 2013. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o informe trimestral de intervención, correspondente ao terceiro trimestre de 2013, en cumprimento do disposto nos artigos 4.3 e 5.4 da Lei 15/2010 do 5 de xullo, remitido á **Alcaldía** mediante escrito do Sr. **Interventor**, de data 6 de novembro de 2013 e que a continuación se transcribe literalmente:

"De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 3º trimestre de 2013, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrase a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido

no artigo 216 do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

No que respecta TERCEIRO trimestre de 2013 tense avanzado neste cumprimento, ao descender significativa pero insufientemente o período medio de pago.

Non obstante, todavía non se acadou o cumprimento estricto dos termos legais esixibles.

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que literalmente, din:

“La ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo al crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en moral, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro sen los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro

administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5, y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia.

CONCELLO DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2013
CONCELLO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	70,13	40,13	0,00	0,00	21,00	478.791,87
Art. 21	145,49	115,65	3,00	104,71	81,00	74.656,04
Art. 22	254,73	224,52	8,00	2.888,02	630,00	383.890,70
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	139,03	109,03	0,00	0,00	2,00	4.410,45
				2.992,73		941.749,06
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	1	252,52				

Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						0,00
CONCELLO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	49,95	12,93	0,00	0,00	11,00	241.076,21
Art. 21	109,17	79,14	2,00	363,00	83,00	60.408,23
Art. 22	140,24	115,37	10,00	25.561,35	874,00	480.899,18
Art. 23	30,00	0,00	0,00	0,00	1,00	1.100,00
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	63,16	35,05	2,00	2.307,34	3,00	44.918,38
				28.231,69		828.402,00
CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	90,75		113,00	196.138,28		
Cap. 6						
				196.138,28		

OA "TERRA DE SANXENXO":

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	3	AÑO	2013	
TERRA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	151,81	123,05	1,00	1.470,91	12,00	147.282,60
Art. 21	156,69	126,69	0,00	0,00	30,00	24.065,02
Art. 22	178,24	148,85	1,00	638,70	160,00	170.384,89

Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	151,84	121,84	0,00	0,00	2,00	9.742,99
				2.109,61		351.475,50
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
						0,00
TERRA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	112,73	84,39	1,00	1.331,00	6,00	75.110,69
Art. 21	33,15	44,41	1,00	1.490,72	3,00	294,62
Art. 22	105,52	81,02	2,00	4.075,89	41,00	62.538,61
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	28,00		1,00	792,55		
				7.690,16		137.943,92
TERRA			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	51,87		138,00	294.465,44		
Cap. 6						
				294.465,44		

OA "XERENCIA DE URBANISMO":

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2013
XERENCIA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	21,50		2,00	3.349,98		
Art. 21						
Art. 22	83,80	56,46	1,00	362,59	9,00	7.468,97
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				3.712,57		7.468,97
			Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período	
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
						0,00
XERENCIA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	29,00		1,00	1.674,99		
Art. 21	63,38	33,38			2,00	704,31
Art. 22	30,00				2,00	203,40
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				1.674,99		907,71
XERENCIA			Pendiente de reconocimiento			

	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	269,97		7,00	31.120,95		
Cap. 6						
				31.120,95		

NAUTA SANXENXO, S.L.:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2013
NAUTA		Pagos realizados en el trimestre				
		Dentro período legal pago			Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	14,40	11,77	115,00	572.680,59	45,00	20.989,17
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				572.680,59		20.989,17
NAUTA		Pendiente de pago				
		Dentro período legal pago			Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	40,99	28,22	11,00	44.368,62	7,00	55.589,37
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				44.368,62		55.589,37

INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2013
INSULA		Pagos realizados en el trimestre				
		Dentro período legal pago			Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos	36,00	24,00	1,00	80,67	1,00	80,67

(6)						
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				80,67		80,67
INSULA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	91,00	61,00	1,00	80,67	1,00	80,67
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				80,67		80,67

“TURISMO DE SANXENXO, S.L.”

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2013
TURISMO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	11,50	0,00	4,00	605,00		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				605,00		0,00
TURISMO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	165,54	125,52	6,00	2.238,49	6,00	2.238,49
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				2.238,49		2.238,49

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 19 DE SETEMBRO AO 11 DE NOVEMBRO DE 2013 (DE RES. Nº 1100/13 Á Nº 1295/13). A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 19 de setembro ao 11 de novembro de 2013**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL SOLICITANDO A DIMISIÓN INMEDIATA DA ALCALDESA. O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 25 de Novembro de 2013 a seguinte MOCIÓN URGENTE;

ANTECEDENTES

Recentemente, os membros da corporación municipal de Sanxenxo, ademais do conxunto dos veciños, estamos a vivir un dos episodios máis graves da historia dentro da xestión política da administración local.

A imputación de políticos e técnicos municipais en casos de investigación de expedientes urbanísticos dañan gravemente a imaxen pública do noso Concello e crean dentro da administración unha repulsa xeneralizada hacia o conxunto da corporación, por parte dos nosos veciños.

Aínda que cremos na presunción de inocencia (e non acusamos a nadie de nada), tamén cremos no repeto á Institución Pública (o noso concello) e a Administración en xeral. O feito de que a Presidenta da Corporación Municipal e da Xerencia de Urbanismo esté imputada en supostos casos corrupción urbanística, nos obriga a facer un acto de responsabilidade. Non podemos quedar parados e deixar pasar de largo uns acontecementos tan graves como estes, sin precedentes no Concello de Sanxenxo. E por tal motivo non podemos permitir que se ensucie o nome de SANXENXO como institución, nin como pobo.

Polo anteriormente exposto, solicitamos, para o seu debate no pleno da corporación, a seguinte **MOCIÓN:**

1º.- Solicitamos a dimisión inmediata da alcaldesa/presidenta Dña Catalina González Bea por estar imputada por casos de corrupción urbanística, causando un daño grave á imaxen do concello de Sanxenxo; no seu defecto, solicitamos que se afaste da súa labor pública mentres non se esclarezan os acontecementos.

2º.- Instamos ó socio de goberno e portavoz do grupo municipal Vecinos Independientes por Sanxenxo (VIPS) a exercer tamén un acto de responsabilidade e rompa cautelamente o pacto de

gobierno hasta que non resolvan os expedientes polos que se imputa a Sra González Bea.”

O **Sr. Gonzalo Pita**, xustifica a urxencia porque, aínda que cre na presunción de inocencia, o asunto ten unha gran incidencia, causando un importante dano para a imaxe dun concello turístico como Sanxenxo.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade, resultou aprobada.

O **Sr. Gonzalo Pita** entendeu que estaba sobradamente xustificada a petición realizada na moción, debendo facer a alcaldesa un exercicio de responsabilidade e, polo menos, apartarse temporalmente, do seu labor público.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que non cambiou nada nunha hora e que no anterior punto onde trataron este tema, xa fixeron peticións ao respecto, que deberían ser suficientes para que se tomasen decisións por iniciativa propia, tendo en conta que existen imputacións por outros delitos que non son o de prevaricación, podendo a alcaldesa renunciar ao cargo para preparar adecuadamente a súa defensa ou tamén presentar unha moción de confianza ante a corporación.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que votarán en contra da moción e que o **Sr. Gonzalo Pita** se contradí ao manifestar que cre na presunción de inocencia e pedir, ao mesmo tempo, unha dimisión.

O **Sr. Gonzalo Pita** indicou que a presunción de inocencia era respecto das persoas, pero que neste caso se está a producir un dano grave a Sanxenxo

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que na moción se pedía unha ruptura cautelara do pacto de goberno, pero en cambio, no procedemento xudicial non se tomou ningunha medida cautelara, engadindo que o dano grave que se cause ten moito que ver con este revuelo, sendo unha moción demagóxica, xa que non ten posibilidade de prosperar, engadindo que votará en contra.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0

En consecuencia, **non resultou aprobada** a moción anteriormente transcibida.-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL SOLICITANDO A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA DAR COBERTURA LEGAL A REUBICACIÓN DO QUIOSCO INSTALADO NA PRAZA DE VILALONGA (R. DE ENTRADA NÚM. 7916 DO 25/11/13). O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura á moción que a

continuación se transcribe literalmente:

“Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 25 de Noviembre de 2013 a seguinte MOCIÓN URGENTE;

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A plaza central da parroquia de Villalonga, foi condicionada e humanizada no ano 2004 recibindo financiación de Política Territorial, sendo inaugurada o 29 de xuño de 2004 coa presenza do presidente da Xunta de Galicia D. Alberto Nuñez Feijóo.

SEGUNDO.- Por entónces, o terreno sobre o que foron executadas as obras de acondicionamento de dita plaza eran de titularidade privada, e para a súa donación gratuíta ó Concello, o propietario dos terreos, só poñía unha condición, a cal consistía en que se lle buscara unha nova ubicación á vivenda e ó negocio a un veciño con minusvalía que leva toda a súa vida residindo alí.

TERCEIRO.- O Goberno Local que por entónces estaba presidido por D Telmo Martín, ten un convenio con data 24 de xuño de 2004 co propietario do quiosco, D. Javier Agraso no que o Concello se comprometía á construción dun novo quiosco sobre unha parcela adosado ó edificio de Banesto.

CUARTO.- A reubicación do quiosco está condicionada a que se inicie un expediente de modificación puntual do planeamento, xa que no PXOM de Sanxenxo establece que no lugar donde se pretende á nova reubicación do quiosco non permite a construción do mencionado inmovible, xa que consta como un vial de nova construción.

QUINTO.- Na sesión plenaria do mes de novembro de 2006, o grupo municipal do BNG, presenta unha moción solicitando proceder á modificación puntual necesaria do PXOM para dar cobertura legal a futura edificación do quiosco e así poder ser recepcionada a plaza pública como propiedade do Concello. Dita moción foi aprobada por unanimidade dando traslado urgente á Xerencia de urbanismo para a súa tramitación inmediata.

SEXTO.- Desde a fecha (11-2006), a inoperancia e falta de vontade política fixo que a día de hoxe todo siga igual, sin haberle buscado unha alternativa para a saída do quiosco do lugar actual e sin haber recepcionado a plaza de forma pública e legal.

Por todo o anteriormente mencionado solicitamos para o seu estudio e debate ante o pleno da corporación a seguinte MOCIÓN:

1º.- Solicitamos se continúe o proceso da modificación puntual do PXOM necesaria para dar cobertura legal á futura reubicación do quiosco, co obxecto de dar cumprimento ó convenio mencionado entre o concello e o propietario do quiosco.

2º.- Si por argumentos técnicos ou políticos causara algún perxucio ó solicitado no apartado PRIMEIRO, solicitamos se inicie unha negociación para buscar dentro do entorno máis cercano posible á plaza, un baixo adaptado ou adaptable as necesidades da minusvalía do propietario do quiosco e consensuado con él, para así poder posteriormente recepcionar a plaza donada polo particular de forma legal e pública.”

O **Sr. Gonzalo Pita** xustificou a urxencia polos nove anos transcorridos dende o acondicionamento da praza da que están a disfrutar os veciños e que segue sendo particular.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade, resultou aprobada.**

O **Sr. Gonzalo Pita** reiterou os argumentos expostos na moción.

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, mostrouse de acordo coa moción e aludiu a que, xa na Xerencia, se interesou sobre este tema, sinalando que unha posible ubicación para a colocación do quiosco era a do punto limpo.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, agradeceu a mención a actuación do BNG en 2006, da que xa pasaron 7 anos e a praza segue sendo privada, do que resulta que o actual Presidente da Xunta de Galicia investiu cartos públicos nunha propiedade particular, polo que aínda que sexa por decoro, é necesario resolver este asunto.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que ían votar a favor da moción, porque xa se estaban realizando xestións.

O **Sr. Gonzalo Pita** agradeceu ao PP o apoio a moción.

O **Sr. Otero Domínguez** sinalou que, se se retoma o asunto, esperaba non volver a esperar 7 anos para que o solucionen.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, precisou que os terreos podían ser de titularidade privada, pero con uso público.

A **Sra. Alcaldesa** explicou que pasou tanto tempo porque ningunha das solucións achegadas foron aceptadas, tendo que estar de acordo todos na ubicación, polo que deben retomarse as negociacións para obter un acordo e proceder a tramitación do correspondente expediente.

O **Sr. Gonzalo Pita** indicou que o afectado quere que lle busquen, dentro do entorno, unha ubicación axeitada.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada, nos termos antes transcritos.**-----

Neste momento, sendo as 22.40, ausentouse temporalmente da sesión a **Sra. Fernández Agraso**.

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA REXEITAR O NOVO REPAGO PARA FÁRMACOS QUE SE DISPENSAN NOS HOSPITAIS DE MANEIRA AMBULATORIA (R. DE ENTRADA NÚMERO 7903 DO 25/11/13). A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“ De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Sanxenxo desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a posta en marcha, no ano 2012, do Real Decreto – Lei 16/2012, do 22 de abril, de medidas urxentes mal chamado para a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde, moitos foron os pasos dados pola administración en contra dos dereitos dos doentes, incluso dos máis graves.

Unha das medidas máis importantes é a obrigatoriedade de cofinanciar unha parte do custo dos medicamentos por parte dos pensionistas, que pasaron de non pagar polos medicamentos a pagar entre o 10% e o 20% en función da súa renda.

Á introdución do repagamento temos que engadirlle a exclusión de máis de 400 fármacos da lista de medicamentos financiados, os cales dende entón multiplicaron o seu custo. Ambas medidas sumadas están rompendo o equilibrio das economías máis fráxiles, dun xeito moi especial dos xubilados e xubiladas coas pensións máis baixas.

Non debemos esquecer que os salarios e as pensións en Galicia son dos máis baixos do Estado, polo que esta medida, sumada a outras tamén antisociais que xa se teñen aplicado pola dereita, tanto polo Goberno de Rajoy como polo Goberno de Feijóo, cunha nefasta xestión e complicidade que ambos comparten con políticas en común contra a igualdade de oportunidades e os servizos públicos, que están a deteriorar a calidade de vida e a empeorar as desigualdades sociais.

Os concellos galegos son dos que teñen mais poboación envellecida. E polo tanto máis pensionistas e máis enfermos crónicos, que é a poboación máis afectada porque é a que consume máis medicamentos. Pensionistas que ademais do repago dos medicamentos teñen que facer fronte ás subidas do IVE, as subidas do IRPF, da auga, do transporte...con pensións que en moitos casos non superan os 600 euros.

Estamos comprobando que esta medida do repago non reduciu o gasto farmacéutico, senón que aumentou o gasto das economías dos enfermos, dos pensionistas e dos cidadáns. E dada a situación económica das familias estanse a dar xa casos de persoas que non recollen os medicamentos despois de ser receitados polo médico por falta de recursos económicos.

Pero se as medidas impostas ata agora trala publicación do Real Decreto eran inasumibles, os sucesivos recortes e repagos que van aparecendo co desenrolo do mesmo aínda están complicando máis as cousas.

Recentemente publicábase no Boletín Oficial do Estado, o 19 de setembro, a Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia, pola que:

- *Se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Salud mediante a asignación de achega do usuario, en desenrolo do Real decreto-lei 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social.*

Con esta publicación, feita por certo sen notificación ou información previa do Ministerio de Sanidade, Asuntos Sociais e Igualdade, o Goberno evitaba a súa publicidade tratando de soslaiar a reacción adversa dos profesionais da sanidade, dos pacientes afectados e das súas familias, presentándoo así como un feito consumado.

Este Decreto vén de modificar tamén as condicións do financiamento dos medicamentos incluídos na prestación farmacéutica ambulatoria nos hospitais ao implantar o repago por parte das persoas usuarias.

O Goberno do PP chámalle a isto aportación reducida, pero é unha mentira máis, xa que se trata de pagar o 10% do medicamento de dispensación ambulatoria na farmacia hospitalaria ata 4,20 euros por cada envase e por cada medicamento, non en total, o que supón que o que está máis enfermo é o que máis paga, nun contexto de crise e perda de recursos para a cidadanía. En definitiva, outro novo imposto.

A inxustiza e a crueldade destas medidas vén dada polo feito de que vai ser aplicada aos pacientes máis graves e a moitos enfermos crónicos que van ter que empezar a pagar por ese tipo de medicación.

A ministra, Sra. Mato, acorda por medio desa medida impoñer o repago de 157 presentacións farmacolóxicas duns 50 medicamentos que abordan patoloxías de gravidade e a cronicidade tales como o cancro de mama avanzado, o cancro de ril avanzado, o tratamento de diversos tumores cerebrais, a leucemia mieloide crónica, a artrite reumatoide, a dexeneración macular ou a hepatite C Crónica, entre outros.

Ante esta circunstancia, moitas foron as asociacións e colectivos de pacientes, profesionais sanitarios e consumidores os que elevaron a súa protesta á administración. De igual maneira o fixeron algunhas comunidades autónomas, como Castela e León, Andalucía, Asturias ou País Vasco, que amosaron a súa incompreensión ante unha medida tan ineficaz como inxusta.

En Galicia, o señor Feijóo xa ten anunciado que as vai comezar a aplicar no mes de xaneiro, sen ningún cuestionamento nin oposición, aínda sabendo o prexudicial que é para os pacientes máis graves e o pouco efectiva que vai ser dende o punto de vista económico.

Esta medida, que introduce outro repago mediante un novo imposto aos máis enfermos e aos máis débiles, supón un quebranto para a saúde pública que se deriva de cobrar tratamentos en situacións de risco para a vida humana.

Un dereito como é o da saúde non pode convertirse nun privilexio.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Sanxenxo propón na seguinte **MOCIÓN**:

1ª.- Que este Concello solicite do Goberno Galego a NON aplicación na CCAA de Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o repago na dispensación ambulatoria dos medicamentos de farmacia hospitalaria indicados para tratamento de graves patoloxías e de doenzas crónicas.

2ª.- Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a retirada da Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia.”

A **Sra. Agúin Pombo** xustifica a urxencia polo feito de que esta medida, que afecta nun momento de crise a un pilar básico do benestar social, como é a sanidade, se pretende aplicar en Galicia a partir de xaneiro.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

Neste momento, sendo as 22.43 horas, reincorporouse a sesión a **Sra. Fernández Agraso**.

A **Sra. Agúin Pombo** reiterou as argumentacións da moción e engadiu que en contra desta medida, xa se mostraron algunhas comunidades gobernadas polo Partido Popular.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dixo que votarían a favor para o mantemento deste importante servizo.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que votarían a favor da moción, aínda que tiñan preparada outra con esta mesma

finalidade, explicando que hai medidas que non se poden admitir por humanidade, posto que afectan a persoas en circuntancias dramáticas, debendo rectificar o goberno.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, mostrouse de acordo coa moción.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que aínda que non estaban de acordo con algunhas das matizacións da moción, ían votar a favor da mesma, expresándose en semellantes termos a **Sra. Alcadesa**.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada, nos termos anteriormente transcritos**.-----

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO DO COMERCIO. O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

O 99,88% das empresas de este país son PYMES, é dicir, que teñen entre 0 e 245 asalariados.

A maioría das PYMES exercen a súa actividade no sector servicios (78,1%) principalmente no comercio o 24%.

A característica máis notable da PYME española é a súa contribución a xeneración de emprego, ocupando cerca do 60% do total de traballos. Son as empresas de menor dimensión as que ocupan un maior número de traballadores así como as microempresas.

A realidade é que o panorama comercial de Sanxenxo é completamente desalentador:

- No centro de Portonovo, todos os baixos comerciais, pechados, con carteis, de se alquilan, venden, etc.
- Na rúa da Moda en Sanxenxo máis do mesmo.
- A Rúa Progreso de Sanxenxo coa maioría dos locais pechados.
- En Vilalonga é moito maior o número de locais pechados que abertos.
- Na Revolta, en Noalla, a situación é a mesma que na meirande parte dos casos urbáns de Sanxenxo.

Estos son exemplos puntuais de zonas concretas de Sanxenxo, extensibles a todas as parroquias do Concello de Sanxenxo.

A pesares de que Sanxenxo conta con Mesa do Comercio Local así como cunha asociación que engloba unha parte pequena dos comerciantes o resultado non é nin de lonxe o esperado.

Dende o PSdeG-PSOE entendemos que débese elaborar un Plan Estratéxico do Comercio para o Concello de Sanxenxo, que pretenda reactivar o sector por medio de acción que incidan na modernización e actualización do mesmo.

O fundamental é mellorar o comercio local co obxectivo de que se convierta en un elemento de

dinamización da economía do Concello. O Plan ten que desenrolarse pensando en aumentar o consumo interno, a importancia do consumo en tendas de proximidade e pensando nos visitantes que se acercan o noso Concello e que poidan consumir nas nosas tendas.

O Plan ten que ser unha ferramenta que analice a realidade actual e plante acci3ns que consoliden e impulsen o comercio a curto, medio e longo prazo.

O comercio 3 un pilar moi importante para a econom3a do Concello de Sanxenxo, por lo que entendemos que ser3a unha ferramenta moi importante para o sector e para o Concello de Sanxenxo.

Por todo elo, solicitamos 3 Pleno da Corporaci3n a adopi3n do seguinte:

ACORDO:

1º. Que por parte do Concello de Sanxenxo se proceda a elaboraci3n dun Plan Estrat3xico do Comercio, ben elaborado de forma interna ou mediante contrataci3n externa que teña como finalidade analizar a situaci3n actual na que se atopa o sector comercial no Concello de Sanxenxo e fixar os obxectivos i estratexias a curto, medio e longo prazo como un elemento de dinamizaci3n da econom3a local.””

O **Sr. Buezas M3ndez**, xustificou a urxencia pola situaci3n cr3tica en que se encontran os comercios, ante o que procede facer algo.

A continuaci3n a **Sra. Presidenta** someteu a votaci3n a **declaraci3n da urxencia da moci3n, na que, por unanimidade, resultou aprobada.**

O **Sr. Buezas M3ndez** reiterou os argumentos expostos na moci3n.

O **Sr. Otero Dom3nguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestouse a favor da moci3n e referiuse a unhas palabras ditas pola **Sra. Alcaldesa**, nunha reuni3n coa Asociaci3n de Novos Empresarios, na que aludiu a que por cada dez comercios que pechaban en Sanxenxo, abr3an vinte, cifra na que non cr3a nin a persoa que as dixo, engadindo que a3nda que comparte o sinalado na moci3n, entend3a que encargar ao goberno municipal a realizaci3n dun plan estrat3xico era perder o tempo.

O **Sr. Rodr3guez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que se se tratase dun problema s3 de Sanxenxo, ser3a mais facil arranxalo, pero era un asunto de dimensi3n nacional e non cr3a que se puidese encontrar a soluci3n dende o concello.

O **Sr. Buezas M3ndez** aludiu a que se pod3a realizar actuacións innovadoras dende o concello e que xa propuxeron algunhas que pod3an beneficiar ao comercio, como eran a humanizaci3n da r3a Progreso ou a reparaci3n da Avda. Luis Rocafort.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que respaldar3n esta moci3n e que se queren facer cousas de acordo coas asociaci3ns de comerciantes, que son moi activas neste concello, incluíndo as de praceiras, precisando que sus palabras sobre os comercios en Sanxenxo, o que fac3an era destacar o caracter emprendedor da xente deste concello.

Ao non producirse mais intervenci3ns a **Sra. Presidenta** someteu a moci3n a votaci3n na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, nos termos anteriormente transcritos.**-----

Neste momento, sendo as 22.57, ausentouse temporalmente da sesión o **Sr. Buezas Méndez**.

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO A INCORPORACIÓN DUNHA PARTIDA ORZAMENTARIA NOS ORZAMENTOS DE 2014, SIMILAR A DO ANO 2010, PARA ASEGURAR A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E O RESTO DOS SERVIZOS BASICOS EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES (R. DE ENTRADA NÚMERO 7906 DO 25/11/13).O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

"David Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPON:

Nos últimos anos, a grave crise que estamos padecendo provocou un incremento importante de persoas que demandan e necesitan recorrer aos servizos sociais públicos para cubrir boa parte das súas necesidades máis básicas e fundamentais.

Paralelamente, mentres estes casos ían en aumento, os gobernos do PP, tanto na Xunta de Galiza como no Estado, amparándose nesta crise e na súa propia filosofía política, veñen aplicando un brutal recorte orzamentario no financiamento dos servizos sociais (Lei de Dependencia, Servizo de Axuda no Fogar, Centros de Día, Escolas Infantís...), que esta afecanto a miles de familias galegas.

Un exemplo claro e grave desta política, témolo no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, aprobado polo Consello da Xunta o ano pasado, que establece un novo modelo de financiamento para os servizos de benestar en Galiza e determina importantes modificacións co anterior modelo, o que está a supor na práctica, un trato claramente discriminatorio para os concellos con menor poboación, á par que avanza na privatización e o copago destes.

Así, o artigo 47 deste Decreto determina que fican excluídos de axudas públicas por parte da Xunta de Galiza o Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes, o persoal adscrito aos equipamentos sociais de titularidade municipal (centros de día ou escolas infantís...) nas citadas entidades e as unidades de traballo social (persoal dos servizos sociais, agás os traballadores e as traballadoras sociais) nos concellos de 20.000 habitantes.

Esta decisión política do Goberno da Xunta de Galiza significa que 293 concellos foron excluídos da axuda do goberno galego para o servizo da axuda no fogar, o que provoca que arredor de 100.000 galegos e galegas vexan minorado o servizo que se lles viña prestando, favorecendo con iso a perda de emprego para boa parte das persoas que viñan traballando nas prestación deste servizo público, básico e fundamental no medio rural.

A prestación deste servizo básico no medio rural, estase facendo neste momento con recursos moi reducidos mentres a Xunta de Galiza se desentende deste grave problema e das persoas que o padecen.

A situación é cada vez máis grave e o Goberno da Xunta de Galiza non pode seguir eludindo as súas responsabilidades, e moito menos descargándoas noutras institucións, á hora de dotar os concellos rurais dos recursos económicos e humanos necesarios para facer fronte a este grave problema social e asegurar a prestación acaída do servizo de axuda no fogar aos miles de familias galegas que o necesitan e o están demandando a diario.

Por iso, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

a) **Esixir do Goberno da Xunta de Galiza a incorporación dunha partida orzamentaria nos Orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos Orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.**

b) **Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta e aos portavoces de todos os grupos políticos do Parlamento galego.”**

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia porque un servizo fundamental como este era mais necesario neste momento de crise, manifestándose en contra do recorte de achegas aos concellos de menos de 20.000 habitantes e a que as Deputacións asuman o servizo dos concellos, dirixíndose a Alcaldía para indicarlle que, dado que se pronuncia como defensora dos servizos sociais, é estraño que ata o de agora non se manifestase en contra destas medidas.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.**

O **Sr. Otero Domínguez** reiterouse nos argumentos expostos na moción.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestou que votaría a favor da moción por entendela ben fundamentada.

Neste momento, sendo as 23.01, reincorporouse a sesión o **Sr. Buezas Méndez**

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, indicou que votarían a favor da moción, xa que os concellos son as administracións mais próximas aos veciños e, polo tanto, as que mellor poden prestar o servizo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que os termos da moción non estaban tan claros.

A **Sra. González Domínguez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que ía a pedir ao grupo Popular o voto favorable á moción, para o mantemento dos servizos sociais básicos nos concellos neste momento de crise.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que na moción se fai referencia globalmente ao plan concertado e aos servizos de dependencia, indicando que ían defender que estas axudas se manteñan, pero que os concellos teñen que ser responsables e derivar as persoas ao sistema previsto na lei de dependencia.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada, nos termos anteriormente transcritos.**-----

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE RETIRE DOS ORZAMENTOS DO PROXIMO ANO O INCREMENTO PREVISTO DO CANON DE SOGAMA QUE

DEBEN SATISFACER OS CONCELLOS (R. DE ENTRADA NÚMERO 7907 DO 25/11/13). O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“David Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPON:

A Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos da Galiza, e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza atribúen a condición de xestor nas operacións do proceso de xestión de residuos á Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA).

A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada do establecemento dun canon por parte dos concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e mais o IVE.

Agora, o goberno do PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galiza a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos. A razón esgrimida é allea á relación entre os concellos e SOGAMA, ao ser unha decisión política adoptada polo Goberno central do PP na súa política de reforma do sector eléctrico, que impón recortes nas tarifas para percibir pola coxeneración eléctrica. Ante a caída de ingresos que sufrirá SOGAMA pola xeración de enerxía, óptase por cargarlle á cidadanía novamente este recorte en lugar de o facer sobre os beneficios das empresas xeradoras de enerxía.

Esta medida unilateral do PP, sen coñecemento nin participación dos concellos adheridos no proceso de toma de decisión, pretende un incremento desproporcionado e abusivo que se repite, como noutros ámbitos por parte do Goberno do PP, pola adopción de medidas dirixidas a salvar ás grandes empresas corporativas transnacionais, e neste caso pola decisión cuestionábel da reforma eléctrica que favorece o oligopolio das grandes empresas enerxéticas, e penaliza as fontes de xeración alternativas.

Ademais, non só se pretende con esta suba compensar as perdas presentes e previsíbeis que ten SOGAMA, senón pasar a ter uns beneficios de preto de 7 millóns de euros a conta da cidadanía galega que verá repercutido este canon nos recibos que cobran polo servizo de recollida de lixo aos concellos. Este feito é especialmente grave cando SOGAMA nin sequera trata todo o lixo que recibe e carece de sentido transportalo para rematar nun vertedoiro.

Esta proposta de incremento desmesurado dos custos de tratamento do lixo por parte de SOGAMA vén a confirmar as denuncias feitas con anterioridade polo BNG sobre o fracaso do proxecto SOGAMA e o Plano de Residuos Sólidos Urbanos implantado polo PP na Xunta de Galiza. Os feitos acontecidos desde a aplicación dese plano demostran seren falsas afirmacións –do Goberno galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas. Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademais de supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos.

Ademais, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos no complexo de SOGAMA demostran que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan ou se reciclan, senón que simplemente se enterran.

Por outra banda, desde a aprobación da Lei 10/1997, os sucesivos Gobernos do PP na Xunta tiveron empeño en impedir a existencia de plans alternativos como o iniciado no Morrazo, que foi desmontado por gobernos municipais do PP ou como o que se está a desenvolver pola Mancomunidade do Barbanza, que se executa a pesar do PP, que puxo trabas, sobre todo no que atinxe a acceder a

axudas nas condicións cando menos análogas ás que tivo SOGAMA. En todo caso, son modelos que priorizan a reciclaxe e compostaxe e mostran custos máis sensatos, para alén de crear máis emprego directo. De feito, a transformación de modelo de xestión dos RSU podería supoñer uns 2.000 novos postos de traballo con base en proxectos de comarcalización, cun menor custo ambiental e redución do custo de transporte.

Cómpre lembrar a falta de colaboración dos gobernos do PP na Xunta de Galiza, pola decisión política de asignar, case na súa totalidade, os recursos públicos para o tratamento de residuos sólidos a financiar SOGAMA e afogar os modelos de xestión diferentes que se aparten da valorización enerxética do lixo. Mesmo planos estatais recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se tratase prioritariamente por procedementos distintos á incineración.

A Xunta de Galiza, a través de SOGAMA ou doutras entidades que se crearen, preferentemente de tipo comarcal, debe ofrecer á cidadanía e aos concellos galegos modelos de xestión dos residuos alternativos á incineración e ao vertido. Só dentro dun modelo así poden facer unha política de prezos que favoreza os tratamentos ecolóxicos (recollida selectiva de calidade, reciclaxe, compostaxe) e penalice a recollida sen separar e o vertido e a incineración. Nun escenario deste tipo podemos reducir fortemente os custos de tratamento e evitar o incremento das taxas. Mentres tanto, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza a

- 1.- Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concello.s**
- 2. Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e cos concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da Consellaría con atribucións en medio ambiente.**
- 3.- Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír unha nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos de funcionamento máis avanzados.”**

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia porque se trataba dun incremento non admisible, que ía beneficiar a unha empresa participada por outra, como “Gas Natural”.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade, resultou aprobada.**

O **Sr. Otero Domínguez** reiterouse nos argumentos expostos na moción, destacando que podían buscarse alternativas a SOGAMA.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou o seu apoio a unha moción en contra dunha suba que colleu fora de xogo aos concellos e manifestou que dende Sanxenxo se debía facer unha maior aposta pola reciclaxe, xa que era unha cuestión que pode mellorarse moito e que permitiría diminuír o que se está pagando actualmente por este servizo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que se está a facer un esforzo a nivel pedagóxico e educativo e recordou, respecto das alternativas, que Pontevedra segue depositando en SOGAMA.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que estaba en contra da suba e que subscribía todo o dito pola **Sra. Agúin Pombo** respecto da necesidade de incrementar a reciclaxe, pero sinalou que non podía dar a espalda á realidade e que, dado que non hai alternativas, era necesario seguir tendo unha solución rápida e eficaz para este servizo nos concellos e que non provoque molestias a veciños e visitantes, razón pola que votarán en contra da moción.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0

En consecuencia, non resultou aprobada a moción anteriormente transcrita.-----

7º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO O COMPROMISO DE MANTER E MELLORAR OS RECURSOS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN, ACOMPAÑAMENTO E ASISTENCIA A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (R. DE ENTRADA NÚMERO 7905 DO 25/11/13). A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Bloque Nacionalista Galego**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Sandra Fernández Agraso, concelleira do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPON:

Vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das administracións públicas é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer as vítimas.

Na Galiza, desde 2009 redúcense cada ano as denuncias en números absolutos de 6.068 en 2009, a 5.153 en 2011, a 4.788 en 2012. Así, a porcentaxe de denuncias presentadas por cada 10.000 mulleres en Galiza sitúase no 33.29%, a segunda cifra máis baixa do Estado español, só superada por Castela-León co 32.16%, sen que esta redución se poida achacar a unha redución da incidencia da violencia machista na sociedade galega mais ao contrario, ten a súa orixe nas dificultades económicas que sofren con maior incidencia as mulleres.

O acompañamento das mulleres para accederen aos recursos e nos procesos xudiciais é garantía de seguridade para elas e pode evitar que o medo, a presión, as faga volver co maltratador. O persoal especializado e o voluntariado que realizan estas funcións vese tamén afectado polos recortes das axudas aos concellos e outras entidades.

Continúan sen se desenvolver medidas previstas na Lei 11/2007, relativas á implicación do SERGAS na detección, prevención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Non se realiza na rede pública a atención psicolóxica de mulleres e crianzas afectadas, unha atención fundamental para

construír a autonomía persoal e iniciar unha nova vida.

A pesar dos esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento lexislativo, estamos a ver como o medre do paro e o desmantelamento dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á nosa vulnerabilidade ante a violencia machista.

A dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia de xénero racharen coa relación que pon en perigo as súas vidas. Estamos a vivir recortes en programas e recursos imprecindíbeis para apoiar as mulleres que deciden dar o paso. No momento en que todas as asociacións de mulleres alertan con diferentes informes que “a crise supón un freo para denunciar, polo temor a non encontrar emprego e verse sen recursos para saíren adiante” sorprende que o goberno galego non analice as necesidades das mulleres que sofren violencia de xénero neste momento concreto e non aplique coa dilixencia as leis vixentes.

Moitos concellos foron pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero. Nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes, o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a viviren sen violencia.

Por todo isto, propoñemoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- A Corporación municipal asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero.

2.- A Corporación municipal insta ao Goberno galego a facer efectiva a Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero e deste modo:

- **Mellorar as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, para o que cómpre establecer uns baremos de renda idénticos aos que se recollían nas convocatorias anteriores a 2011, eliminar a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas no artigo e garantir que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano, fixar un prazo máximo de 30 días para a resolución e pago efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude. Dada a situación de crise económica que viven as mulleres galegas, é preciso, asemade, ampliar a duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.**
- **Presentar perante o Parlamento un estudo e valoración desta axuda económica durante os sete anos da súa aplicación.**
- **Dar cumprimento ao contido do artigo 25 que recolle a necesidade de integrar a “Atención psicolóxica” como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias.**
- **Implantar, tal como recolle o artigo 27 da lei, a través do departamento competente no ámbito sanitario un sistema de rexistro de casos de violencia de xénero.**
- **Dar cumprimento, de xeito prioritario, ao artigo 35 de “Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego” garantindo que as mulleres que sofren violencia de xénero sexan colectivo preferente na totalidade da normativa autonómica relativa ao establecemento de axudas e subvencións ás empresas para a contratación de persoal e na empregabilidade en xeral.**
- **Garantir o cumprimento dunha “Atención xurídica” axeitada, permanente e especializada en materia de violencia de xénero. Garantirase que as persoas profesionais que presten estes servizos terán unha formación específica en materia de violencia contra as mulleres como requisito para o exercicio desta atención.**

3.- A Corporación Municipal insta ao Goberno Galego a demandar de xeito efectivo do goberno do estado a creación dos xulgados específicos de Violencia de xénero nas cidades galegas que a día de hoxe aínda carecen deles.”

A **Sra. Fernández Agraso**, en xustificación da urxencia, manifestou que neste ano xa existen 45 mulleres mortas, mais os nenos e nenas que tamén son vítimas, tendo en conta ademais que nos tempos de crise se produce unha diminución das denuncias.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade, resultou aprobada.

A **Sra. Fernández Agraso**, entendendo que era necesario cumprir a lei de igualdade de mulleres e homes, pediu que se velase polo seu cumprimento no concello como, por exemplo, nas mesas de contratación e tamén, neste mesmo sentido, solicitou da **Concelleira de Servizos Sociais** que non xustificase a utilización da expresión “todos” por entender que se refería aos dous xéneros, xa que se trata de linguaxe sexista e dende a administración se debe cumprir a normativa.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que ían votar a favor da moción, posto que a violencia machista era unha lacra para a sociedade, ante a que se debía aportar o que se poida dende a corporación.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, indicou que votarían a favor da moción, a pesar de que tiñan previsto presentar outra nesta mesma liña, entendendo como preocupante na actualidade o incremento desta actitude machista en idades tempranas, incluso a través das redes sociais, polo que o esforzo debe ser cada vez maior, empezando polo mantemento das axudas

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que estaba de acordo co sentir da moción, pero matizou que a utilización da expresión “todos” non supón violencia de xénero, tan só o emprego dunha expresión dentro dun linguaxe no que foron educados.

A **Sra. Gonzalez Domínguez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que tan só tratou de indicar que non se sentía inferior cando non se utilizaban as dúas expresións, pero que non tiña ningún problema en utilizar as dúas palabras dentro dunha política de igualdade. En canto ao primeiro punto da moción explicou que dende o CIM se está a actuar dunha maneira efectiva e coordinada, cunha comunicación fluída co xuíz, engadindo que ían votar a favor da moción, condenando a violencia machista en todos os seus ámbitos, debéndose apostar na educación polo incremento dos casos entre as persoas de 25 a 35 anos.

A **Sra. Fernández Agraso** indicou que se trataba de facer efectiva a lei de igualdade entre a muller e o home.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** destacou que por escoitar a palabra “todos” nadie debe sentirse discriminado, puidendo haberse tratado esta moción en comisión.

A **Sra. Alcaldesa** apuntou a que a moción podía haberse presentado con antelación e a **Sra. Fernández Agraso** referiuse ao regulamento orgánico que aprobaron, sobre a presentación das mocions.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que apoiarían a moción por estar de acordo co seu obxecto, sendo este o seu fin e non outro tipo de debates sobre a utilización de determinadas expresións.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada, nos termos anteriormente transcritos.**-----

8º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO SE REABRA A CIRCULACIÓN EN AMBOS SENTIDOS NA PONTE DE A BARCA (R. DE ENTRADA NÚMERO 7767 DO 15/11/13). O **Sr. Secretario** deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“José Luis Rodríguez, concejal pertenciente al partido político VECIÑOS INDEPENDENTES POR SANXENXO, en la corporación que Usted preside, en relación a las obras de suministro y colocación de tuberías en la PO 308, tiene a bien exponer:

Todas las obras, en las vías públicas, repercuten durante su ejecución, de una forma “negativa” en los usuarios de las mismas, eso es algo inevitable por ello están justificados los producidos por los de reposición de tuberías en la PO 308 con el fin de mejorar el suministro de agua. Aunque con voluntad se pueda llegar a paliar muchos de los inconvenientes devenidos.

Para la realización de parte de las mismas, el Concello de Pontevedra cerró el puente de la Barca en su dirección hasta nuestro municipio, algo innecesario hasta dentro de unos días; pero como “antesala” de lo que se proponen en un futuro.

Es sabido, por los medios de comunicación, que el ayuntamiento de Pontevedra piensa mantener definitivamente el cierre del puente en dicho sentido, algo que muchos se temían hace años, concretamente desde que se programó la ubicación del último puente sobre el río Lérez.

Desde la rotonda que se encuentra en la Barca (al lado de Autos Mara), y la que está al principio de la calle Paseo de Colón (al lado del aparcamiento de la Alameda), tenemos que recorrer algo menos de un kilómetro en el sentido de entrada en Pontevedra, y algo mas de tres si lo hacemos saliendo a través del nuevo puente. Este ultimo, multiplicado por el número de vehículos que por ahí circulan nos da una suma de miles de kilómetros al día, lo que hace que desde el punto de vista económico y medioambiental sea un fracaso.

Los atascos futuros, a la altura de la salida del puente de la Barca, serán peores que los que nos tratan de evitar, cuando menos serán los mismos pero con las colas hacia los bomberos.

Una parte del pueblo ya se manifestó, y lo hizo en contra, lo que no deslegitima que pueda ser tomada la medida (pues también fueron quienes le dieron el gobierno a quien lo ostenta para que lo hiciesen como mejor supiesen) pero las manifestaciones en contra que se están produciendo deben llevar a quien gobierna a una reflexión.

Una media, como esta, de calibre supramunicipal debe realizarse con un consenso de la corporación, cuando menos de los socios de gobierno; en Sanxenxo tendría que ser así, lo contrario sería causa de disolución del gobierno de coalición.

Por causar un gran perjuicio al término de Sanxenxo y a sus visitantes y por tener el rechazo social al no aportar nada favorable a ningún municipio, planteamos ante la corporación municipal la siguiente:

MOCIÓN:

Que nos dirijamos a los grupos que componen el gobierno municipal de Pontevedra rogándoles que una vez rematadas las obras en la zona de influencia, que se están ejecutando en la PO 308 se reabra el puente de A Barca en ambos sentidos.“

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto xustificou a urxencia pola necesidade de que se aprobe a moción antes de que rematen as obras que provocaron o corte das rúas ao tráfico.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade, resultou aprobada.

O Sr. Rodríguez Lorenzo aludiu a que a Ponte de A Barca non era unha rúa máis, xa que se trataba dunha arteria fundamental para o transito en dirección á Poio e Sanxenxo dende Pontevedra, sendo o mantemento do peche da Ponte unha medida de forte rexeitamento social e ante a que están en contra todos os grupos políticos menos o BNG de Pontevedra, mesmo en Poio chegaron a un acordo PP e BNG, engadindo que, dende o seu punto de vista, o mantemento do peche sería para o PSOE de Pontevedra un motivo de ruptura do pacto de goberno municipal.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, sinalou que o peche da Ponte supón un grave incordio cando se entra ou se sae de Pontevedra, preguntando se se plantexou este asunto institucionalmente.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, precisou que en materia de mobilidade e seguridade viaria veía difícil dicir a Pontevedra o que tiña que facer e mais cando esta moción se está adiantando ao futuro, polo que non a van votar a favor.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, indicou que non van votar a favor da moción e que considerar este asunto como motivo de ruptura dun pacto de goberno, á vista do que está a pasar aquí, sería de titular de portadas. Tamén dixo que lle correspondía falar a Alcaldesa co Alcalde de Pontevedra, que a decisión será deste concello, que a da Ponte da Barca xa non era a única entrada e saída posible da citada cidade porque cambiaron moitas cousas e que neste momento non había unha decisión definitiva, engadindo que se ían abster.

O Sr. Rodríguez Lorenzo dixo que este asunto xa se debateu en Pontevedra e Poio e agora en Sanxenxo, non estando de acordo coas declaracións do Alcalde de Pontevedra que dixo que se ía manter o peche da Ponte cando finalizaran as obras, o que deu lugar a unha forte protesta social, sinalando que lle gusta o modelo de cidade de Pontevedra, pero cree que este tipo de medidas, que afectan a outros concellos, non poden decidirse así.

A Sra. Agúin Pombo aludiu a que o rexeitamento se produxo, sobre todo, entre os comerciantes da rúa Echegaray e agora, coa execución das obras neste vial, xa remitiu esta protesta, engadindo que non existiu ningunha declaración referente a que o peche ía ser definitivo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que coñece o sentir desfavorable ao mantemento do peche dos veciños da referida rúa de Pontevedra e dixo, para finalizar, que a protesta non só ven dos habitantes da citada cidade.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que ían votar a favor da moción e non por nada referido ao pacto de goberno, senón polas dificultades que se crearían para os veciños e visitantes de Sanxenxo no caso de que se manteña o citado peche.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación municipal, **pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, aprobou a moción nos termos anteriormente transcritos.**-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar a **Presidencia** da por rematada a sesión sendo as cero horas e cinco minutos do día **26 de novembro de 2013**, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**